



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (I.B.I.)

Artigo 1.- Natureza e fundamento

1. O Imposto sobre Bens Inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos Bens Inmobles sitios no termo municipal de A Guarda, establecido con carácter obrigatorio na Lei 39/1988 Reguladora das Facendas Locais.
2. De conformidade cos artigos 60.1.a), 15.2 e 16.2 da citada Lei 39/1988 o Concello da Guarda acorda a imposición e ordenación deste tributo segundo o disposto nos artigos 61 a 78 da mesma Lei, a Lei 48/2002 do Catastro Inmobiliario, as normas que contén a presente Ordenanza, e restante normativa de aplicación.

Artigo 2.- Exencións

Ademáis das exencións previstas nos apartados 1 e 2 do artigo 63 da Lei 39/1.988, reguladora das Facendas Locais, na súa nova redacción aprobada por Lei 51/2002, do 27 de decembro, estarán exentos os inmobles urbanos nos que resulte unha cota líquida inferior a tres euros, así como o conxunto de inmobles rústicos dun mesmo suxeito pasivo nos que a súa cota líquida agrupada sexa inferior a tres euros.

Artigo 3.- Tipo de gravame

A cota íntegra deste imposto será o resultado da aplicación á base liquidable, dos tipos de gravame seguintes:

- a) Para os bens inmobles de natureza urbana, o 0,50%.
- b) Para os bens inmobles de natureza rústica, o 0,75%.
- c) Para os bens inmobles de características especiais, o 1,3%.

1

Artigo 4.- Bonificacións

Ademáis da bonificación establecida no apartado 3 do artigo 74 da Lei 39/1988, de aplicación obrigatoria, establécense e reguláanse as seguintes:

1. Terán dereito a unha bonificación do 50% da cota íntegra do imposto, sempre que así o solicite o interesado antes do inicio das obras, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria tanto de obra nova como de rehabilitación equiparable a ésta, e non figuren entre os bens do seu inmovilizado. O prazo de aplicación desta bonificación comprenderá dende o período impositivo seguinte a aquel no que se inicien as obras ata o posterior á terminación das mesmas, sempre que durante ese tempo se realicen obras de urbanización ou construción efectiva, e sen que, en ningún caso, poida exceder de tres períodos impositivos.

2. Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota íntegra do Imposto, durante os tres períodos impositivos seguintes ó do outorgamento da calificación definitiva, as vivendas de protección oficial e as que resulten equiparables a éstas conforme á normativa da Comunidade Autónoma. Dita bonificación concederáse a petición do interesado, a cal poderá efectuarse en calquera momento anterior á terminación dos tres períodos impositivos de duración da mesma e surtirá efectos, no seu caso, dende o período impositivo seguinte a aquel no que se



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

solicite. Unha vez esgotada esta bonificación, estas vivendas gozarán durante tres exercicios máis, dunha bonificación do 50% da cota íntegra.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente redacción desta Ordenanza fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 10 de outubro de 2003, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no boletín Oficial da Provincia, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2004, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.